

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Novembro 2008

### NOTA DE PRENSA

#### En novembro de 2008 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia creceron en termos interanuais un 0,5% e un 0,7% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 0,5% en novembro de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 0,7%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 1,7% e os dos importados un 6,0%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo e bens intermedios foi do 9,2% e do 3,8% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de consumo diminuíron un 3,2%.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios aumentaron con respecto a novembro de 2007 un 2,6%. Os prezos dos bens de consumo e dos bens de equipo diminuíron un 1,4% e un 19,9% respectivamente.

### Índices de valor unitario para o comercio exterior. Novembro 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>0,5</b>	<b>1,7</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>0,7</b>	<b>6,0</b>
Bens de consumo	-3,2	-0,8	Bens de consumo	-1,4	2,7
Bens de equipo	9,2	5,1	Bens de equipo	-19,9	-28,5
Bens intermedios	3,8	4,3	Bens intermedios	2,6	10,0

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

### Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 4,9% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE e unha diminución do 0,2% para os bens con destino a OCDE. Os prezos dos bens con destino a Unión Económica e Monetaria e a UE-25 diminuíron un 3%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 3,2% mentres que os procedentes do resto de países aumentaron un 10%.

### Índices de valor unitario para o comercio exterior. Novembro 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	-3,0	0,8	UEM	-4,8	1,7
UE-25	-3,0	0,7	UE-25	-3,1	1,3
OCDE	-0,2	1,6	OCDE	-3,2	3,4
Resto de países	4,9	1,5	Resto de países	10,0	11,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>